



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membrela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luís
Araújo Nespereira, Pedro A.
González Piñeiro, Luís
Gutiérrez Nieto, Manuel
Iglesias Antelo, Beatriz
Muñoz López, Luís
Noia Campos, M^a Camiño
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel

ESTUDANTES

Puga Alonso, Javier
Ríos Curras, Moisés

PAS:

CONSELLO SOCIAL:

López Atrio, María Laura
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

López Díaz, María
Martínez Insúa, Ana Elina
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 26 de xaneiro de dous mil dez, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O martes día **26 de xaneiro de 2010**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira do curso 2008-09 e de doutoramento do curso 2007-2008.
5. Incorporación, se procede, dos seguintes centros adscritos ás titulacións de grao:
 - E.U. de Enfermaría de Ourense e E.U. de Enfermaría de Pontevedra ao título de Graduado/a en Enfermaría.
 - Escola de Negocios Caixanova ao título de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas.
 - Escola Universitaria de Maxisterio “María Sedes Sapientiae” aos títulos de Graduado/a en Educación Infantil e Graduado/a en Educación Primaria.

6. Aprobación, se procede, das axudas de Extensión Universitaria: Cursos de Extensión Universitaria, Obradoiros de Extensión Universitaria, axudas para accións participativas e asociacionismo e actividades extraacadémicas e de difusión cultural.

7. Aprobación, se procede, do seguinte convenio: Protocolo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVI), para regular determinados aspectos da convocatoria correspondente ao ano 2009 do Programa horizontal de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-INCITE (2006-2010).

8. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

9. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Informa aos membros do Consello de Goberno dos seguintes asuntos que poden ser do seu interese:

1. En primeiro lugar, de dúas das cuestións tratadas na última sesión do Consejo de Universidades, de data 20 de xaneiro pasado.

a) Como asunto central, o Ministerio de Educación presentou o “Documento de Reflexión sobre la Mejora de las Políticas de Financiación de las Universidades”. Este primeiro borrador abre o debate sobre o financiamento universitario, con bastante inconcreción polo momento, pero con algunhas novidades interesantes. Destacan as seguintes:

- Sinálanse con claridade os déficits de financiamento do Sistema Universitario Español.
- Faise unha proposta detallada para definir un novo sistema de bolsas e taxas.
- Avánzanse novos criterios para financiamento xeral das actividades de I+D.
- Apúntase un incremento retributivo baseada en resultados.
- Defínense novos fondos de financiamento en concorrencia para instalacións singulares de investigación e para as novas convocatorias de “Campus de Excelencia Internacional”.

A partir da súa presentación oficial, este borrador segue un itinerario de difusión, debate, emenda e mellora que implica a unha diversidade de organismos e institucións informantes, pero sobre todo ás universidades. O Documento está colgado na nosa páxina web e anima o reitor aos membros do Consello de Goberno e da Comunidade Universitaria a que entre todos se tente mellorar o texto. Esta reitoría canalizará os cambios que se propoñan para que cheguen á Comisión Mixta que sigue a traballar para completar o documento, sobre todo no que respecta a Obxectivos, Calendario e Compromisos. O prazo para facer este traballo é ata finais de febreiro.

b) En segundo lugar, o Secretario de Estado de Investigación informou sobre a situación da “Ley de la Ciencia, Tecnología e Innovación”. O Ante-proxecto está listo e comezará a ser difundido esta mesma semana. Haberá un novo prazo, curto esta vez, de 2 semanas, para que as universidades canalicen novas suxerencias a través das Vicerreitorías de Investigación, que serán convocadas nunha sectorial a mediados de febreiro. O día 22 está convocado de novo o Consejo de Universidades para emitir o seu informe preceptivo e a finais de febreiro o Ante-proxecto pasará a informe do Consejo de Ministros.

Ten importancia coñecer este calendario para facer un último esforzo de emenda si creemos que hai algún asunto no que aínda cabe unha volta. Pero sobre todo o que nos están anunciando é que desta vai, memoria económica incluída, e que as universidades poden empezar a avaliar as súas políticas para adaptalas ao novo escenario que esta Lei define. En particular, ten un enorme interese a nova definición da Carreira Investigadora, organizada en tramos do seguinte xeito :

- 1 ano de Bolseiro para o Máster.
- 3 anos de contrato pre-doutoral, cun ano adicional de prórroga motivada, en formato de contrato por proxecto.
- 5 anos de Contrato de Acceso para chegar á Acreditación.
- E a partir de aquí, produciríase no seu caso a incorporación ás figuras previstas na nova Lei, que contempla intensificacións, docente e investigadora, e diversas fórmulas mixtas.

c) Por último, tamén se deu información dos seguintes asuntos:

- Segue o traballo de informe e reforma nos Estatutos do PDI e de Estudantes.
- Estase a traballar efectivamente na reforma do Doutoramento, pero sen data polo de agora.
- Mentres siga habendo Licenciaturas en Psicoloxía e Pedagogía, os seus Licenciados poderán seguir presentándose ás oposicións de secundaria xunto cos Graduados.

2. Informa tamén o reitor, en segundo lugar, do Acordo acadado polos tres reitores das universidades galegas para definir fórmulas de colaboración en docencia, en investigación e en financiamento. Este Acordo, presentado a medios fai uns días, será concretado nun texto, que se quere someter a informe e, no seu caso, aprobación nos Consellos de Goberno das 3 universidades. Gustaríanos que as convocatorias estivesen fixadas para o mesmo día.
3. Informa, en terceiro lugar, da aprobación polo Consello da Xunta dos Estatutos da Universidade de Vigo, que se espera que sexan publicados no Diario Oficial de Galicia sen demasiada tardanza.
4. E, por último, o reitor cede a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea para que dea conta dunha información relacionada con asuntos da súa competencia.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que detectado erro na denominación do título de mestrado proposto pola Escola de Negocios Caixanova na documentación remitida dende a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea (informe favorable da Comisión de Estudos de Posgrao) e aprobado no Consello de Goberno de 21 de decembro, e en atención ao establecido no artigo 105 da *“Ley 30/92 de 26 de novembro de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del*

Procedimiento Administrativo Común” sobre rectificación de errores materiais, infórmase que onde di “Master universitario en Administración e Dirección de Empresas (MBA)” debe dicir “Máster universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)”.

Punto 3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que por parte da COAP, reunida hoxe antes deste Consello de Goberno (26/01/10), dáse o informe favorable as seguintes prazas:

1. Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Estatística e Investigación Operativa. O Profesor Titular de Universidade D. Jacobo de Uña Álvarez acadou a acreditación requirida. A COAP entende que é aplicable o criterio A) de promoción a cátedra por ter 2 catedráticos dun total de 22 profesores ou profesoras con vinculación permanente.
2. Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Xenética. O Profesor Titular de Universidade D. Emilio Rolán Álvarez acadou a acreditación requirida e conta con tres sexenios.
3. Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Nutrición e Bromatoloxía. A investigadora Parga Pondal Dna. Elena Martínez Carballo, que foi seleccionada na convocatoria de 2007 do Programa Especial de Promoción, ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade e xa entrou no seu último ano de contrato. Os prazos para a resolución deste concurso deberán axustarse para que a toma de posesión sexa próxima á data do remate dos seu contrato, tal como establece a convocatoria do Programa Especial de Promoción.

Temos dúas prazas máis de Profesor Titular presentadas na Vicerreitoría con posterioridade á distribución da documentación deste Consello de Goberno, polo que procedeuse a distribuír a mesma á entrada desta sesión. As dúas prazas son:

4. Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Física da Terra. A profesora Contratada Doutora Dna. Laura de la Torre Ramos, acadou a acreditación correspondente.
5. Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Óptica. O investigador Ramón y Cajal D. José Ramón Salgueiro Piñeiro, que foi seleccionado na convocatoria de 2005 do Programa Especial de Promoción e xa entrou no seu último ano de contrato , ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade polo que se solicita a maioración da praza prevista como Contratado Doutor á PTU. Os prazos para a resolución deste concurso deberán tamén axustarse para que a toma de posesión sexa próxima á data do remate dos seu contrato, tal como establece a convocatoria do Programa Especial de Promoción

Apróbanse por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira do curso 2008-09 e de doutoramento do curso 2007-2008.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala, se trata da aprobación do listado dos premios extraordinarios de fin de carreira propostos pola Xunta de Centro de cada titulación de acordo co previsto no Regulamento de Premios Extraordinarios de Fin de Carreira e a asignación de premios extraordinarios de doutoramento remitidos pola Comisión de Estudos de Posgrao.

Apróbase por asentimento o listado de premiados que consta no **anexo I**.

Punto 5. Incorporación, se procede, dos seguintes centros adscritos ás titulacións de grao:

- E.U. de Enfermaría de Ourense e E.U. de Enfermaría de Pontevedra ao título de Graduado/a en Enfermaría.
- Escola de Negocios Caixanova ao título de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas.
- Escola Universitaria de Maxisterio “María Sedes Sapientiae” aos títulos de Graduado/a en Educación Infantil e Graduado/a en Educación Primaria.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea quen fai en primeiro lugar unhas consideracións xerais, sinalando que se está a falar de modificacións de memorias de planos de estudio xa autorizados. Estas modificacións deber rexerse segundo o establecido no Artigo 28 do RD1393/2007. En ningún caso estamos entón a falar dunha solicitude de novo título; deste xeito, a tramitación a seguir é: Consello de Goberno, Consello Social, “Consejo de Universidades”, Xunta de Galicia; o “Consejo de Universidades” ten un prazo máximo de tres meses para responder a solicitude de modificacións; en caso de que as modificacións non sexan admitidas polo “Consejo de Universidades”, manterase en vigor a memoria previamente autorizada.

Engade ademais que a documentación a remitir consta da memoria autorizada á que se engaden os textos das modificacións nunha cor diferente. Por claridade e para facilitar o traballo das comisións de avaliación. Ase mesmo xuntarase un informe onde se listan as modificacións.

Seguidamente, pasa xa a facer consideracións particulares sobre os distintos graos:

No grao en Enfermaría, trátase dunha modificación necesaria para a incorporación das Escolas Universitarias de Enfermaría dos campus de Ourense e Pontevedra que non foron verificadas favorablemente o ano pasado. Recorda que na memoria enviada inicialmente ao “Consejo de Universidades” estes dous centros estaban incluídos, existindo na Universidade unha xunta de titulación con representantes dos catro centros de enfermaría, todos centros adscritos, que aprobou as modificacións que hoxe se presentan. En cantos aos centros de Pontevedra e Ourense, considérase que as deficiencias foron subsanadas, fundamentalmente coa sinatura de convenios actualizados entre o SERGAS e as Escolas que garanten a realización das ensinanzas prácticas, así como incorporación de mais persoal. Por outra banda, modifícase o apartado 10 da memoria para acomodar os distintos ritmos de implantación das escolas: no curso 2010-2011 as Escolas de Pontevedra e Ourense comezarán con primeiro do grao e iniciarán a extinción da diplomatura; o centro do Meixoeiro ofertará primeiro e segundo curso do grao, e POVISA ofertará os catro cursos.

Indica a Vicerreitora que todas estas modificacións foron aprobadas pola Xunta de Titulación.

Os dous seguintes casos están nun suposto diferente. Trátase de planos de estudo autorizados unicamente en centros propios aos que para o curso 2010-2011 preténdese que se incorporen centros adscritos. Neste suposto aplica a “Normativa para a incorporación dun centro adscrito a un título de grao implantado en centros propios” aprobada no CG do 19 de novembro de 2009.

Grao en ADE a impartir na Escola de Negocios Caixanova, centro adscrito á Universidade de Vigo polo Decreto da Xunta de Galicia 445/2009 do 23 de decembro que na Disposición adicional Primeira establece que “A efectiva implantación na Escola de Negocios Caixanova do título requirirá a modificación do seu actual plan de estudos de cara a incluír nel un novo itinerario que se impartirá na Escola, polo que a universidade procederá a notificar a dita modificación ao Consello de Universidades, para os efectos sinalados no artigo 28 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro. Ofertase entón un itinerario do grao en ADE para 60 alumnos de novo ingreso, con os dous primeiros cursos exactamente iguais que nos centros propios. Un terceiro curso con 36 ECTS (Ob) diferentes e un cuarto con 42 ECTS diferentes (6 Ob + 36 Opt). En total 78 ECTS de diferenza con respecto ao plano de estudos autorizado. Adicionalmente, o centro adscrito solicita realizar una proba de acceso específica, a maiores da “selectividade” (que constará de:

- avaliación do expediente académico previo
- probas psicotécnicas
- proba de nivel de inglés
- proba xeral de acceso (orientado a analizar as capacidades de expresión escrita e orientación ao mundo da empresa)
- entrevista persoal).

Graos en Educación Infantil e Educación Primaria. Modificación necesaria para a incorporación da Escola Universitaria de Formación de Profesorado de E.X.B. “María Sedes Sapientiae” de Vigo. Recordemos que neste centro se ofertan actualmente as Diplomaturas de Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria. No caso dos graos ofertarán en ambos casos o mesmo número de prazas que cada centro propio (75) e a mención denominada de “profundización curricular” (24 ECTS).

Proponse a aprobación das modificacións das memorias de plano de estudo e solicítase a delegación do CG na VicTCE da subsanación das erratas que se atopen na documentación e a contestación aos requirimentos do “Consejo de Universidade” e “Xunta de Galicia” se os houbera.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Muñoz sinala que no DOG se publicou a autorización da Escola de Negocios de Caixanova para a impartición do título e pregunta se se fixo tamén en relación ao resto dos centros.

A vicerreitora explica que trátase dun centro novo que ten que ser creado e autorizado pola Xunta e os restantes centros xa existían. Debátese sobre o tema con intervención do Prof. Muñoz, a vicerreitora e o reitor.

A Prof^a. Noya, pregunta como vai quedar a Escola de Maxisterio fronte á Facultade de Ciencias da Educación.

A vicerreitora de Titulacións sinala que se trata dun centro adscrito e non é un centro propio da Universidade, polo tanto o seu status non vai cambiar.

O Prof. Muñoz pregunta se é posible impartir doutoramento.

O reitor sinala que terá que pedir autorización á Universidade.

Debátese sobre o tema entre o reitor, a Prof^ª. Noya, o reitor e o Prof. Muñoz.

A Prof^ª. Suárez solicita que se separe a proposta para poder votar por separado aos distintos centros. Ao que o reitor resposta que a proposta que se fai é única.

Procédese á votación:

Votos a favor: 22.

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6.

Apróbase por maioría.

Punto 6. Aprobación, se procede, das axudas de Extensión Universitaria: Cursos de Extensión Universitaria, Obradoiros de Extensión Universitaria, axudas para accións participativas e asociacionismo e actividades extraacadémicas e de difusión cultural.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen sinala que estas convocatorias veñen a Consello de Goberno cada ano no mes de xaneiro co obxecto de ofrecer axudas aos centros (para a organización de actividades extraacadémicas), ás asociacións de estudantes (para apoialas na súa actividade) e para permitir que os membros da comunidade universitaria organicen cursos ou obradoiros; engade que este ano non hai modificacións de fondo e que as principais novidades veñen determinadas polo recorte que sufriron os orzamentos de 2010. Este recorte afecta fundamentalmente ás convocatorias que se nutren de fondos da partida xeral de actividades culturais e da de cursos e conferencias. Na práctica, isto leva a que non haxa que modificar á baixa a convocatoria de “Axudas para accións participativas e asociacionismo”, pero si se presenten propostas de modificación á baixa para as restantes.

No caso da normativa de “Cursos de Extensión Universitaria” expón a vicerreitora que a redución afecta ao número de cursos previstos para o campus de Vigo, de 10 a 8, pero deixando marxe á comisión de Extensión Universitaria para subir esta previsión, de recibirse un número elevado de propostas de calidade e se se calcula que o orzamento o permite. Os campus de Ourense e Pontevedra non resultan alterados no seu número, que xa era antes máis reducido. Levando á práctica unha recomendación da comisión, introdúcese un novo criterio, que na práctica xa se estaba a aplicar, para a valoración dos cursos e elaboración da programación: o de dar prioridade a aquelas propostas de curso que acaden financiamento externo.

A convocatoria de “Actividades extraacadémicas e de difusión cultural” vese tamén afectada. Iso leva a que, malia que o número de alumnas e alumnos non varía substancialmente

de 2009 a 2010, as cantidades finais por centro redúcense entre un 15% en un 17% (percentaxes aproximadas).

No caso da convocatoria de “Obradoiros de Extensión Universitaria” tamén se propón reducir o seu custe nun 8%. Neste caso as cantidades manexadas son pequenas e non se actualizaron en 2009.

Finalmente, a vicerreitora sinala que estas propostas de convocatorias pasaron pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, que as informou favorablemente tal como figuran na documentación que se achega ao Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do seguinte convenio: Protocolo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVI), para regular determinados aspectos da convocatoria correspondente ao ano 2009 do Programa horizontal de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-INCITE (2006-2010).

O Prof. Muñoz pregunta se este último convenio se ten firmado outras veces. Ao que o reitor contesta que si. Seguidamente, pregunta ademais sobre a capacidade de negociación das universidades sobre as prazas.

O reitor contesta que houbo conversacións sobre ese tipo de cuestións pero co cambio de goberno todo quedou en nada e non queda claro se o programa INCITE vai seguir.

O Prof. Muñoz sinala que os resultados deste programa se publicaron e nos mesmo hai un equilibrio en case todas as prazas pero non en María Barbeito, no que a UVigo queda mal parada debido a que a media da nota dos nosos estudantes é mais baixa cas das outras universidades galegas.

Debátese sobre o tema coa vicerreitora e esta sinala que se está tratando de solucionar esta situación dende moitos frontes tanto na área académica como no ámbito do profesorado.

O Prof. Muñoz recibiu queixas nos graos onde apenas hai sobresalientes, en cambio nos másters non é así.

A vicerreitora de Titulacións sinala que non ten datos porque levamos pouco tempo pero seguramente nos másters as cualificacións sexan mais altas. Continúa o debate sobre o tema.

A Prof^a. Noya intervén para sinalar que todos debemos asumir a responsabilidade que nos toca e non nos preocupamos sobre as cualificación dos alumnos, por exemplo, non se convocan reunións de área para establecer criterios. Todos os desaxustes deben resolverse e convocarse reunións de profesores para debater estes temas. E sinala que este é un bo reto para o equipo entrante.

A Prof^a. Blanco sinala que nos novos plans de estudio cada centro nos plans de calidade ten que reflectir taxas de éxito e de abandono e aquí si que se poden facer cousas.

Debátese sobre o tema coa Prof^a. Blanco, o reitor e a vicerreitora de titulacións.

Apróbanse por asentimento.

Punto 8. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen indica que non hai candidatos presentados.

Punto 9. Rogos e preguntas.

O Sr. Puga pregunta se se está traballando sobre o calendario do ano que ven e solicita que se teña en conta, en relación ás convocatorias de exames que os prazos son curtos e que hai titulacións nos que se teñen que examinar de 7 ou 8 materias en dúas semanas.

A secretaria xeral contesta que se está traballando sobre o tema pero que non se pode esquecer que existe normativa ao respecto que obriga a ter en conta un número mínimo de semanas de docencia e que as marxes para establecer os prazos de exames son moi pequenas. De tódolos xeitos sinala que se falará cos estudantes antes de presentar o calendario en Consello de Goberno.

O Prof. Bacigalupe fai varias preguntas: sobre os tamaños dos grupos nos novos graos, se existe normativa ao respecto; se é posible introducir modificación en materias dun plano de estudos xa aprobado (tanto inclusión como exclusión); se existe posibilidade de acceso a segundo ciclo nos graos; e, por último, se existe normativa que estableza un número mínimo para grao e máster.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, en relación á normativa de tamaños de grupo, sinala que na mesma se establece unha maneira para determinar o tamaño medio de grupo. O que establece a normativa é que si o tamaño medio de grupo é superior a 35, se podería reducir o grupo; se é inferior, non podería contratarse profesorado. Fai referencia aos distintos tipos de grupos de acordo co establecido no acordo aprobado polo Consello de Goberno. O que se fixo foi establecer un marco flexible para os centros.

A vicerreitora de Titulacións solicita ao Prof. Bacigalupe que remita, se así o desexa, as preguntas por escrito para a súa contestación pormenorizada. De todos os xeitos informa de que os planos de estudio teñen unha memoria verificada de xeito que para calquera cambio ten que pedirse autorización e seguirse o procedemento do art. 28 do RD 1393/2007. Polo tanto o cambio de materias non se pode facer de xeito interno.

En canto ao número de alumnos, ven determinado pola Xunta de Galicia e en grado esixe para a implantación de calquera grao novo 40 alumnos en inicio de estudos; en canto aos másters, os de carácter investigador, 10 alumnos e os profesionalizantes, 20 alumnos.

Sobre o acceso, o grao é primeiro ciclo, máster, segundo e doutoramento, terceiro. Cando están no grao teñen que superar 60 créditos de formación básica e é recoñecida dentro da rama, en calquera outro cambio, debe valorarse se se adquiriron as competencias. En canto ás pasaleras, iso o ten que facer cada centro que estableza unha táboa de recoñecemento para a titulación. O mesmo sucede en máster, será a comisión académica do máster a que decida.

A Prof.^a Noya considera que debe regulamentarse ben a problemática da docencia en materias de complementos de formación, porque este ano quedaron sen docencia.

O vicerreitor de Profesorado explica como se actuou este ano sobre o acceso a segundo ciclo, tendo en conta que desapareceu o primeiro curso e os complementos de formación estaban vinculados a esas materias; en concreto, o que se fixo foi pasar a todos os centros un escrito solicitando a que materias quedaban vinculados os complementos de formación. En xeral propuxéronse vinculacións a novas materias de grao. No próximo curso solicitaranse de novo estas vinculacións no momento da toma de decisión sobre o acceso ao segundo ciclo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 horas do día 26 de xaneiro de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral

Esther M^a. González Pillado